



INFORME DE SITUACIÓN ACTUAL NO CENTRO DE RECRÍA "GAYOSO CASTRO".

Do **CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO"**.

Miguel Ángel Fernández López, Director da Granxa Gayoso Castro e Responsable do Contrato de Concesión anteriormente citado, INFORMA:

ANTECEDENTES.

En data 23 de novembro de 2018 recíbese traslado dende Presidencia de petición de información do Grupo Provincial Popular respecto dos seguintes extremos:

¿ Cales son os datos técnicos, a día de hoxe, sobre o funcionamento do Centro de Recría "Gayoso Castro", é dicir, cal é o número total de animais (en lactancia, en coretena, en boxes individuais, en boxes colectivos e en naves de transición), cal é o número de baixas que se produciron (no caso de terse producido e as causas) e cal é o número de animais devoltos ás explotacións de orixe (no caso de terse producido e as causas)?.

INFORME.

1.- A día 23 de novembro de 2018 o Centro de Recría "Gayoso Castro" conta con **456** xovencas procedentes de **39** gandeiros da Provincia de Lugo.

2.- As entradas mensuais de xovencas no ano 2018 foron as seguintes:

Xuño 2018:	167 animais
Xullo 2018:	73 animais
Agosto 2018:	47 animais
Setembro 2018:	61 animais
Outubro 2018:	80 animais
Novembro 2018:	37 animais

3.- Os **456** animais están aloxados nas instalacións do Centro de Recría da seguinte maneira :

- 113** xovencas lactantes en boxes individuais.
- 125** xovencas en boxes colectivos.
- 158** xovencas en cama quente na Nave 1.
- 60** xovencas en cama quente na Nave 2.

4.- Ata o día 23 de novembro de 2018 houbo **8** baixas de animais lactantes por enteritis e **1** baixa dunha xovenca no postdestete por meteorismo.



5.- A data 23 de novembro de 2018 non se devolveu ningún animal a ningún gandeiro.

Para que así conste, e aos efectos oportunos.

Lugo, 26 de novembro de 2018

Asdo.: Miguel Ángel Fernández López.

DIRECTOR DA GRANXA GAYOSO CASTRO
E RESPONSABLE DO CONTRATO.

Dende o 23 de novembro entraron no centro de recría 41 animais mais, e non houbo ningunha baixa nin saída, sendo polo tanto a data de hoxe, 12 de decembro, 497 animais os que se atopan en recría nas instalacións do centro.

Lugo, 12 de decembro de 2018

Asdo.: Miguel Ángel Fernández López.

DIRECTOR DA GRANXA GAYOSO CASTRO
E RESPONSABLE DO CONTRATO